

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio

NON ASISTE:

D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezaseis de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal D^a Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 9 DE XUÑO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 9 de xuño de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 9 de xuño de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía

Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z). DOG número 108, de 11-06-2026.

- Acordo do 5 de xuño de 2026 do Departamento Territorial da Coruña, Servizo de Enerxía e Minas, Consellería de Economía e Industria, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no Concello de Cambre (expediente IN407A 2024/167-1). BOP número 111, de 15-06-2026.

- Orde do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, cofinanciadas nun 60% pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (código de procedemento PR486F). DOG núm. 110, do 15-06-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 5 de xuño ao 11 de xuño de 2026, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 442/2026 e rematan coa resolución de Alcaldía núm. 465/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
442/2026	05-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a MRGME para a xestión da biomasa existente na finca sita no Caneiro, Cambre de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
443/2026	05-06-2026	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é a contratación do servizo de "Inspección técnica da rede de pluviais e pozos de rexistro na urbanización da Barcala-Cambre". Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo de "Inspección técnica da rede de pluviais e pozos de rexistro na urbanización da Barcala-Cambre", á empresa Canalis Soluciones Tecnológicas, S.L., no prezo ofertado de 900,00 € sen IVE, 1.089,00 € IVE engadido, por ser a única empresa que presentou oferta e non superar esta o prezo de licitación
444/2026	05-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a MPE para a xestión da biomasa existente nas fincas sitas na Patiña, Cela, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
445/2026	05-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a MdelRPE para a roza da maleza e tala e retirada dos piñeiros e eucaliptos que se encontren a menos de 50 metros dalgunha edificación, na finca sita en Picardos, Anceis, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e

		136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
446/2026	05-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de AVdeD para a roza da maleza da finca de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
447/2026	05-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a IPN, aos herdeiros de MdelCSL e aos herdeiros de ASL para a roza da maleza e tala e retirada dos piñeiros e eucaliptos que se encontren a menos de 50 metros dalgunha edificación, nas fincas sitas en Picardos, Anceis, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
448/2026	05-06-2026	Devolver a fianza depositada por LLAL para garantir a correcta execución da obra urbanizadora vinculada á rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Longueira, parroquia de Sta. M ^a de Vigo, por importe de 11.392,00 euros, segundo resgardo de Tesourería nº 1109 de data 18 de xullo de 2022, unha vez constatada a presentación dunha nova fianza polo mesmo importe, segundo resgardo de Tesourería núm. 1174 de data 19 de outubro de 2025 e para o mesmo fin
449/2026	05-06-2026	Dar de baixa os recibos que se incluíron nos padróns da auga correspondentes ao 2º, 3º e 4º trimestre de 2023 e 1º e 2º trimestre de 2024, por incorrer nun erro na identificación do obrigado tributario, así como todas as actuacións posteriores derivadas. Aprobar as liquidacións ao propietario do inmovible afectado, como substituto do contribuínte
450/2026	08-06-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de xuño de 2026
451/2026	08-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a BPM para a roza da maleza, o recorte das tullas de forma que non sobrepasen a altura do peche e non invadan a finca colindante, así como a limpeza da maleza na pista exterior que dá acceso á vivenda, da finca sita no Covelo, Pravio, Cambre de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
452/2026	08-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a MJChA para a roza da maleza existente na finca sita en O Canal, Cecebre de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
453/2026	08-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a JLGS e HVGS para a roza da maleza da finca de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
454/2026	09-06-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
455/2026	10-06-2026	Declarar o cese por xubilación forzosa do funcionario HTR con efectos do 12 de xuño do 2026, de conformidade cos artigos; 67.2 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, o artigo 68.2 da Lei

		2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e o artigo 205 do Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro
456/2026	10-06-2026	Comparecer no procedemento abreviado 122/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 1 da Coruña, demanda interposta por la representación procesal de OVlenS, SL, contra o Concello de Cambre sobre admón. Local, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola excma. Deputación provincial da Coruña
457/2026	10-06-2026	Aprobar o convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos co Concello de Arteixo
458/2026	10-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 121/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 1 da Coruña, demanda interposta por la representación procesal de OVlenS, SL, contra o Concello de Cambre sobre admón. Local, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola excma. Deputación provincial da Coruña
459/2026	10-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a herdeiros de EGPI, MdelCGPI, hdros. MG-PI, AGPI para a roza da maleza da finca de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
460/2026	10-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución a JVP para a roza da finca, poda do peche vexetal de forma que non saian ramas cara ao exterior e retirada dos restos do invernadoiro existente na finca sita no Corgo, Brexo de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
461/2026	11-06-2026	Adxudicar ao Banco Santander SA, a colocación de 22.000.000 euros a un 2,348 % nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada
462/2026	11-06-2026	Nomear a MBN como auxiliar administrativa interina adscrita ao departamento de Educación, encadrado na escala de Administración Xeral, Subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "C-1" por substitución transitoria da persoa titular do posto, de conformidade co art. 23.2 b) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia

463/2026	11-06-2026	Solicitar unha subvención para a posta en marcha do proxecto de obradoiro dual de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo III" 2026 (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade), para a contratación do alumnado traballador e o persoal técnico que realizarán os servizos de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade establecidos no proxecto. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha subvención, de conformidade coa orde de 12 de maio de 2026 e co orzamento total de 546.552,00 euros (454.552,00 para a execución do proxecto, e 92.000,00 euros para incentivos á contratación), segundo o establecido nos artigos 29, 30 e 32 da orde de 14/11/2025
464/2026	11-06-2026	Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo de "Coordinación de seguridade e saúde para a prestación de asistencia técnica nesta materia, á obra incluída no proxecto denominado "Reforma do parque infantil sito na rúa Francisco Rodríguez (Cambre)", á empresa Iprenor, Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L., no prezo ofertado de 995,00 € sen IVE, 1.203,95 € IVE engadido, por ser a empresa que fixo a oferta económica máis vantaxosa atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo
465/2026	11-06-2026	Levar a puro e debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento do fallo da Sentenza de data 2/12/24 ditada no procedemento abreviado número 153/2024 seguida ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo num. 1 da Coruña máis na taxación de costas ditada polo Xulgado en data 11/12/2024. Aprobar a autorización e disposición de gasto por importe de 200,00 euros en concepto de principal obxecto de condena correspondente a franquía da póliza de responsabilidade civil subscrita polo concello de Cambre coa aseguradora Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., en vigor no momento dos feitos indemnizables, xunto coa cantidade de 484,00 euros en concepto de pago das costas obxecto de, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas. Aprobar a ordenación do pagamento da cantidade de 200 euros máis 484 en total 684 euros

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que o Consello Escolar non se convocou, e di que leva preguntando sobre esa convocatoria tres ou catro meses e dixéronlle que se ía convocar; pide que se o convocan, que se diga.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo